



Urbanismo

CONCELLO DE GUITIRIZ

Rúa do Concello, 4

27.300 GUITIRIZ – LUGO

TEL. 982.370.109 FAX 982.370.556

.....

CONTIDO MÍNIMO DOS PROXECTOS E/OU MEMORIAS TÉCNICAS PARA COMUNICACIÓN DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO/REFORMA DE LOCAIS E/OU APERTURAS DE ACTIVIDADES

(De conformidade co disposto no art. 24º da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e do art. 142º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia)

O **PROXECTO OU MEMORIA TÉCNICA** virá subscrita por técnico competente conforme ás atribucións profesionais que correspondan de acordo coa súa titulación e habilitación. O técnico autor da memoria ou proxecto subscribirá xunto co promotor a manifestación expresa a que se refire o artigo 364º.1.d) do Decreto 143/2016, RLSG.

A documentación mínima que deberá constar no proxecto ou memoria técnica será a seguinte:

- DATOS PREVIOS:
 - Identificación do promotor das obras
 - Identificación do local: Enderezo da edificación e emprazamento do local dentro da edificación. Referencia catastral.
 - Antecedentes do local ou da edificación (licenzas de obra ou actividade anteriores, ano de construción, etc...)
 - Obxecto e finalidade das obras: identificación da actividade ou uso previsto.
- MEMORIA DESCRIPTIVA DO ESTADO ACTUAL DO LOCAL:
 - Descrición das características esenciais do local, composición construtiva, do uso existente, da distribución actual e instalacións existentes. Reportaxe fotográfica.
- **MEMORIA URBANÍSTICA:**
 - **Indicación da ordenanza de aplicación conforme ao planeamento vixente e da conformidade cos usos e condicións de edificación establecidos na mesma.**
- CERTIFICADO DE SEGURIDADE E SOLIDEZ ESTRUCTURAL E IDONEIDADE DAS INSTALACIÓNS: (Ver anexo)
- MEMORIA DESCRIPTIVA E CONSTRUCTIVA DA ACTUACIÓN:
 - Descrición do estado reformado do local. Cadro de superficies útiles e superficie total construída.
 - Definición e características construtivas das obras a executar, materiais e técnicas a empregar, instalacións previstas (electricidade, saneamento, fontanería, calefacción, contra incendios...) e acabados.
 - Cumprimento das esixencias básicas establecidas no R.D. 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, que resulten de aplicación en relación co uso e características das obras previstas e da actividade (cumprimento do DB-SI en todo caso).
 - Cumprimento do R.D. 486/97 sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, nos aspectos que resulten de aplicación.
 - Cumprimento da normativa en materia de accesibilidade establecida na comunidade autónoma, ou xustificación da innecesiedade do seu cumprimento.
 - Cumprimento das normativas sectoriais ou en materia medio ambiental que resulten de aplicación en relación coas características da actividade prevista.
 - Estudio Básico de Seguridade e Saúde (no caso de obras) ou xustificación da súa innecesiedade.
- PLANOS:
 - Plano de situación do edificio onde se empraza o local sobre planeamento urbanístico, cartografía oficial ou similar. Plano de emprazamento do local na edificación.
 - Planos de distribución do local con superficies e cotas. Sección vertical do local: altura libre
 - Planos de instalacións e contra incendios.
- ORZAMENTO DAS OBRAS (no caso de comunicación previa de obras):
 - Orzamento de execución material desglosado por partidas de obra, con medicións das mesmas.